XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN, FORMACIÓN PROFESIONAL E UNIVERSIDADES
UNIÓN EUROPEA
FONDO SOCIAL EUROPEO
"O FSE inviste no teu futuro"

IES XOGRAR AFONSO GÓMEZ DE SARRIA
Ánxel Fole S/N, 27600 Sarria (Lugo)
Tlf;982870801 Fax 982870827
ies.xograr.afonso@edu.xunta.gal
www.edu.xunta.gal/centros/iesxograrafonso

CENTRO CARDIOPROTEXIDO

FUNCIONAMENTO DO SERVIZO DE PRÉSTAMO DE BICICLETAS DO IES XOGRAR AFONSO GÓMEZ

NORMAS

O préstamo da bicicleta (casco) será mensual e poderá renovarse en función da demanda e da dispoñibilidade.

O/A usuario/a é o único responsable da bicicleta prestada, así como dos danos que polo seu uso poida causar a si mesmo, a terceiros ou a calquera ben como consecuencia da utilización normal ou anormal do servizo, quedando o instituto exento de calquera responsabilidade.

OBRIGAS

O/A usuario/a asume as seguintes obrigacións de uso:

- Utilizar a bicicleta co máximo coidado e respecto. Utilizar casco e respectar as normas de tráfico.
- Conservar a bicicleta durante o tempo de uso asumindo a súa restitución no mesmo estado en que se lle entregou, polo que deberá facer un uso dilixente da mesma tomando as medidas oportunas para evitar a súa perda, roubo ou deterioro.

Debe comprobar que a bicicleta está nun estado correcto antes de proceder a súa retirada, se detecta algunha anomalía comunicarao na Vicedirección do centro.

- Informar de calquera incidencia que se produza na bicicleta (avaría, accidente, roubo, etc.)
- O usuario ten prohibido prestar ou alugar a bicicleta a terceiros. Queda prohibido o desmonte e/ou manipulación parcial ou total da bicicleta.
- Está prohibido utilizar a bicicleta de forma incívica, perigosa ou incumprindo as normas de circulación.

INFRACCIÓNS

- Non custodiar adecuadamente a bicicleta durante o período de préstamo da mesma.
- Utilizar a bicicleta con máis dun pasaxeiro.
- Perder a bicicleta (e o casco de ser o caso) ou devolvelo/a deteriorada/o.
- Non comunicar calquera dano ou accidente que ocorra durante o uso da mesma.
- Non presentar a denuncia en caso de roubo.

SANCIÓNS

Aos usuarios que cometan infraccións, dependendo da gravidade das mesmas, o instituto poderá impoñerlles a suspensión do servizo de préstamo. No caso de que sexan infraccións moi graves ou que reiteradamente incumpran as normas de uso serán dados de baixa do servizo e/ou, de ser o caso, terán que pagar os arranxos ou reposicións.

COMPROMISO DO/A ALUMNO/A E DA FAMILIA NO SERVIZO DE PRÉSTAMO DA BICICLETA E COMPROBANTE DE INFORMACIÓN DOS/AS PAIS/NAIS	
ALUMNO/A	**PAI/NAI**
Comprométome a comportarme dun xeito cívico e responsable no uso e condución da bicicleta. Tamén a colaborar para devolvela en prazo e en boas condicións para permitir un bo funcionamento do servizo de préstamo. CASCO: SI/NON Asinado:	Fun informado/a das normas de funcionamento e do servizo de préstamo de bicicletas no curso 2022/23 que utilizará o meu fillo/a. Asumirei a reposición (no caso de perda) ou os arranxos necesarios (no caso de uso indebido da bicicleta) que poida ocasionar o meu fillo/a. CASCO: SI/NON Asinado:

INCIDENCIAS/INFRACCIÓNS	
Data e Motivo	**Sinaturas do Alumno/a e Profesor/a**